O Milladoiro, 10 de febreiro de 2021

Estimados pais-nais:

Ante o gran aumento de casos e a evolución pandémica no mes de xaneiro a excursión foi aprazada. Debido á situación e ao gran número de alumnado que vai a viaxe, 90 en total, e para evitar riscos innecesarios, a reunión prevista un mes antes da saída cancélase pasando a continuación a detallar tódolos aspectos mais importantes. De calquera xeito, se algún pai, nai ou titor ten algunha dúbida, pode chamar ao centro, deixar o seu número de telefono e persoalmente devolverei a chamada para aclarar todas as cuestións.

1. **Horarios**: A saída será o día 26 de marzo sobre as 21-22 horas (avisarase uns días antes da hora exacta nos distintos grupos e a na páxina web do instituto) e voltamos o día 2 de abril sobre as 11- 12 horas.

2. **Documentación**: Antes da viaxe é preciso entregar:
    a. un permiso (anexo 1) de saída ao estranxeiro que se pode levar cuberto á garda civil ou á policía nacional para a súa validación
    b. un impreso da seguridade social para en caso de acudir ao hospital se fagan cargo da atención médica necesaria. No caso de ser de MUFACE hai que pagar e unha vez aquí solicitar a devolución dos gastos ocasionados. O seguro da viaxe inclúe todo o referente ao esquí e tamén un seguro de corentena.
    c. autorización de saída e aceptación das normas.(anexo 2).
    d. Test de antíxenos o día antes da saída. (teñen que presentar o resgardo da farmacia de telo feito)
3. **Pagamento**: Antes do 12 de marzo débese ingresar a cantidade pendente ata 520 €, custo total da viaxe. Se só se ingresou o sinal faltarían 370€.
4. **Programación diaria**: Levantámonos cedo tódolos días, sobre as 7:30, para almorzar e saír no bus ata a estación de Grandvalira, que está a 15 quilómetros onde de 10 a 12h. terán clases en grupos de 10 persoas. Se hai algún alumno que queira as clases en francés ou inglés terá que comunicalo con antelación. Sobre a 13:30h pararase para comer nun restaurante, na propia estación (Tódalas comidas son tipo bufete onde os alumnos poden escoller entre unha variedade importante de pratos). Despois de xantar practicarase o aprendido ata as 17 horas. Unha vez no hotel e despois de ducharse etc. haberá tempo para saír a facer algunha compra antes da cea. Aínda que Andorra e un pais seguro, tanto na estación como pola cidade sempre se debe ir acompañado/a, queda prohibido saír só a ningún sitio.
5. **Aloxamento**: Imos ao hotel Panorama, un 4 estrelas situado en Escaldes. Está todo incluído, excepto as comidas durante a viaxe de ida e de volta. O día de chegada, a cea xa está incluída, non a comida, polo que se recomenda levar algúns alimentos para o traxecto. Do mesmo xeito, para a viaxe de volta é preferible que compren no día anterior algo para o camiño. Con todo, vanse

facer paradas cada 4 horas en áreas de servicio (aínda que ás veces están moi saturadas)

Os cuartos son para 3 ou 4 persoas, que se distribuirán en función das preferencias do alumnado. Aínda que diariamente fan a limpeza, deben manter ordenada a habitación e ser responsable cada un das súas pertenzas (Recoméndase levar un cadeado para a maleta).

6. **Indumentaria:**
    a. Roupa: é necesario pantalón e cazadora impermeable, gafas de sol, luvas e roupa de abrigo de uso cotiá.
    b. Calzado: non é necesario nada especial. Os esquís, botas, casco etc. están incluídos no material que se entregarán o primeiro día nada mais chegar a Andorra.
    c. Moi importante levar crema de protección solar e labial.

7. **Medicación:** Se alguén necesita medicación (ibuprofeno, paracetamol etc.) debe levala. Por parte do profesorado non se subministrara ningún tipo de medicamento sen prescrición médica ou autorización.
8. **Outras recomendacións:**
    a. É recomendable levar unha **cadea** fina de 50cm, un candeado de combinación ou chave e 100cm de corda para amarrar os esquís. Tamén unha bolsa de deportes grande ou de rafia como as de IKEA para gardar no bus as botas de esquí e evitar que se descontrolen.
    b. **Teléfono móbil:** en Andorra non hai roaming polo que os gastos poden ser importantes (Paga o que chama e tamén o que recibe a chamada e a contía é considerables), polo que é recomendable chamar e mensaxes a través do wasap coa wifi do hotel ou da estación de esquí.
    c. Para a viaxe no bus ademais de roupa cómoda é recomendable levar unha **manta** pequena de viaxe así como un coxín ou pequena almofada.
9. **Comportamento:** Debido o gran numero de alumnado pedímoslle que lles insistan aos seus fillos e fillas na necesidade de un bo comportamento , educación e respecto, ademais da importancia da puntualidade nos horarios de comidas, clases e horas de saída en autobús. Os profesores non podemos estar pegados en todo momento a todo o alumnado. Aqueles casos que non atendan as directrices marcadas polo profesorado acompañante e se exceda no seu comportamento, volverá en bus para O Milladoiro correndo os gastos a cargo das familias responsables.
10. **Test de antíxenos.** Polo ben da actividade, todo o alumnado debe facer un test de antíxenos o día anterior antes da saída.

Sen outro particular, despídome insistindo en que se alguén ten que facer algún comentario importante de carácter persoal (intolerancias alimentarias, alerxias etc.) debe chamar o centro, deixar o número de teléfono e xa nos poñeremos en contacto o máis rápido posible.